



Exmo. Concello de Betanzos

Praza Galicia nº 1
Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 00 11
www.betanzos.gal

Conservatorio municipal de música

Carlos López García-Picos

Rúa Cabildos nº3 Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 36 96 – Fax: 981 77 53 43
conservatorio@betanzos.net



PRESENTACIÓN

O Conservatorio Carlos López García-Picos é un centro autorizado de ensino oficial e regulado do grao elemental de música, que leva o nome do ilustre compositor betanceiro.

INFORMACIÓN XERAL

A duración dos estudos de grao elemental é de catro cursos académicos. Trabállanse tres materias por curso: Linguaxe musical, educación auditiva e vocal e instrumento. A idade mínima de comezo dos estudos é de 8 anos e a máxima de 14, cumpridos no ano da realización da proba de acceso. A selección do alumnado efectúase a mediados do mes de xuño (consultar a data exacta) para o primeiro curso, e en setembro para o resto de cursos, previamente o centro publica o número de prazas vacantes de cada especialidade.

Ademais do ensino regulado, o Conservatorio oferta dous cursos de iniciación á música para nenos de 6-7 anos. Non é necesario cursar previamente estes cursos para matricularse no Conservatorio.

PROBAS DE ACCESO A 1.º DE GRAO ELEMENTAL

A proba de acceso para 1.º de ensino elemental consiste nunha valoración das aptitudes musicais dos e das aspirantes, onde NON se terán en conta coñecementos musicais previos nin as habilidades instrumentais. A asignación da especialidade farase por rigorosa orde de puntuación obtida nesta proba e sempre en función das prazas vacantes.

Para a súa realización será necesario cubrir unha solicitude que se pode descargar na web:

<https://concello.betanzos.es/portfolio-items/conservatorio-municipal-de-musica-carlos-lopez-garcia-picos-curso-2020-2021/> , posteriormente o alumnado con praza, poderá formalizar a súa matrícula por vía telemática a través da sede electrónica do concello de Betanzos:

<https://sede.betanzos.gal/opencms/gl/index.html> (solicitude xeral)

En caso excepcionais admitirase a matrícula de maneira presencial.

PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS

A proba de acceso a outros cursos diferentes a primeiro, realízase a comezos do mes de setembro (consultar a data, o programa e os requisitos para superar esta proba). Tamén será necesario cubrir a solicitude da proba e rexistrala. Así mesmo, no caso de quedar prazas libres, abrirase un prazo extraordinario de matrícula para o alumnado de 1.º que non fixo a proba de xuño, que terá que adaptarse á dispoñibilidade das especialidades instrumentais.

ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS OFERTADAS

Clarinete, contrabaixo, frauta traveseira, guitarra, guitarra eléctrica, óboe, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín, violonchelo e contrabaixo.

TAXAS

As taxas son de 125 euros por materia, 375 euros polo curso completo (outubro-xuño). Existen exencións ou bonificacións para rendas baixas, familia numerosa, monoparental, asistencia de irmáns/ás ao centro ou pertenza á Banda municipal de música.



Exmo. Concello de Betanzos

Praza Galicia nº 1
Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 00 11
www.betanzos.gal

Conservatorio municipal de música

Carlos López García-Picos

Rúa Cabildos nº3 Betanzos (A Coruña)
Tlf: 981 77 36 96 – Fax: 981 77 53 43
conservatorio@betanzos.net



HORARIOS

Os horarios das materias comúns e obrigatorias para todo o alumnado para o curso 2020/2021 serán os seguintes:

LINGUAXE MUSICAL	EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL
1.º luns e mércores (18:00 h - 19:00 h)	Venres (18:00 h – 19:00 h)(un só grupo)
2.º martes e xoves (18:00 h - 19:00 h)	
3.º luns e mércores (19:00 h -20:00 h)	
4.º martes e xoves (19:00 h-20:00 h)	

O horario da materia específica (especialidade instrumental) acórdase co/a profesor/a o mesmo día da presentación do curso. Esta materia é de carácter individual. Así mesmo o centro oferta con carácter complementario e gratuito as materias de conxunto ou música de cámara.

Covid-19*

Dada a situación actual, derivada da crise sanitaria da Covid-19, as probas de acceso tanto para primeiro curso coma para o resto do grao elemental, faranse no mes de setembro. A comezos dese mesmo mes daremos a coñecer as datas exactas das probas.

As notas do curso 2019/2020 entregaranse no mes de setembro. O peso da cualificación ponderarase en función das notas recollidas polo profesorado nas clases presenciais que se impartiron ata mediados do mes de marzo.

CONTACTO

Calquera dúbida, poden consultala no teléfono, ou no enderezo electrónico que aparecen na cabeceira deste documento.

**As datas indicadas poderán variar en función da evolución da pandemia causada polo covid-19*